



Reglas de acentuación

Reglas xerais de acentuación gráfica

Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mazá, aquí, café...*
- En -n: *curmán, xamón...*
- En -s: *infantís, compás...*
- En -ns: *curmáns, algúns...*

Non se acentúan cando son monosílabas (*el, si, non, fe...*), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei, seguiu, ademais, papeis...*) ou cando acaban noutra consoante que non sexa -n ou -s (*papel, arroz, nariz...*).

Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *fácil, carácter, climax, alférez...*
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps, bíceps, cámping...*
- En ditongos decrecentes: *posíbeis, hóckey...*

Non se acentúan cando rematan en vogal, -n, -s ou -ns (*mapa, lapis, canon, dolmens...*).

Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

páxina, médico, simpático, psicóloga...

Palabras sobreesdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

entregáronllelo, fíxovola...



— Actividades

Regras de acentuación

1. Agrupa e ordena as sílabas de cada cor para formar dez palabras. Despois analízalas no cadro segundo a súa acentuación gráfica.



Palabra	Leva acento gráfico?		Xustificación
	Si	Non	

2. Completa estas oracións escribindo nos ocos correctamente as palabras indicadas. Repara en que son voces sobreesdrúxulas.

(P1, pres. ind. de *asegurar* + vos + o)

-: eu non tiven nada que ver co que pasou alí.

(P3, pres. ind. de *acumular* + se + me)

- Non podo máis!o traballo da casa e aquí non hai quen axude.

(Imperativo singular de *amosar* + lles + as)

- As novas cortinasaos teus pais en canto cheguen.

(P6, pret. ind. de *devolver* + nos + os)

- Os cartosen canto llelos pedimos.



3. Clasifica en agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E) estas palabras. Despois completa axeitadamente as oracións que as seguen.

louza — louzá

- Gústame ese cadro que representa unha campesiña galega e esvelta.
- Despois de gardar a no seu sitio, freguei a cociña.

cagado — cágado

- Vou ter que cambiarlle o cueiro ao bebé porque está
- Acabo de ver un nese regato.

ananas — ananás

- Os bonsais son unhas árbores que poden alcanzar un gran valor.
- Gústame facer zumes mesturando varias froitas: laranxa,, pomelo...

revólver — revolver

- Ela estivo a nos meus papeis e agora non atopo ese documento.
- O do bandido quedou sen balas e tivo que se render.

soân — soan

- As voces desta coral de marabilla.
- O vento adoita ser quente.

cábala — cabala

- Montaron unha gran para conseguir a destitución do ministro.
- Aquí está o peixe grellado: para min é a e para ti os xurelos.

area — área

- A desta praia é das máis finas e brancas que vin nunca.
- O helicóptero buscou os desaparecidos nunha de máis de 200 km cadrados.

temperá — tèmpera — tempera

- Eu antes pintaba moito con acuarelas, mais agora prefiro a
- Podes pousar a cunca co leite quente preto da fiestra para ver se
- Os expertos din que, debido á calor, este ano o viño terá unha maduración



— Actividades

4. Escribe o nome dos elementos debuxados. Ten en conta que en todos os casos debes usar palabras con acento gráfico.



— Escribe oracións combinando con sentido as palabras anteriores. Coida a acentuación gráfica.

-
-
-
-
-
-
-

5. Pon os acentos que faltan neste texto.

Os outros enmudeceron ao ver como tremían as pequenas mans da muller mentres agarraba con forza o revolver. Niso disparóuselle un tiro contra o teito e os tres comezaron a dar gritos alporizados. En medio da confusión, o tal Delmiro aproveitou para liscar por detrás dos sofás cara á porta exterior e botarse escaleiras abaixo.

Rosiña saíu aloucadamente tras del coa arma na man e sentiuse nas escaleiras a detonación, multiplicada polo eco dun par de disparos. Despois a moza volveu entrar ás carreiras, pechou a porta dun golpe, pasou todos os ferrollos e asomouse ao balcón, desde onde volveu a descargar dous ou tres tiros máis contra o tal Delmiro cando intentaba saír pola porta principal en dirección á rúa, coxeando ostensiblemente. Logo, muda de estupor, entrou na sala outra vez, achegouse ao teléfono e, sen deixar de apreixar coa man dereita o revolver, marcou coa esquerda o número da policía.

Só acertou a dicir o enderezo e unhas palabras confusas. Despois rompeu a chorar e deixouse caer no sofá, alentando con dificultade e tremendo de axitación, mentres permanecía inmóbil e pálida coma unha estatua de mármore.

Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos*